



EXPEDIENTE 2026/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Suma Talento Rural Activo).

Lista de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES

11.05.2026. Por Decreto da Alcaldía n.º 162/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Suma Talento Rural Activo).

14.05.2026. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 89)

27.05.2026. Presentación da oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas candidatas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

09.06.2026. Resultado da selección remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte.

10.06.2026 Solicitudes de participación que figuran no listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello (oferta 12-2026-5539 - Condutores-operadores de maquinaria forestal con motor, en xeral):

| APELIDOS E NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|-----------------------|-----------|----------------------|
| Amigo Barcala Ignacio | ***4485** | Participa no proceso |
| Pensado Ferro Jesús | ***8288** | Participa no proceso |

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, publicada no DOG. núm. 24 do 5 de febreiro de 2026.
- Decreto da Alcaldía n.º 162/2026, bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Suma Talento Rural Activo).



RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo mediante oposición dunha persoa traballadora como Condutores-operadores de maquinaria forestal con motor, en xeral, tractorista, en réxime laboral temporal para a mellora de ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de 12 meses a xornada completa.

PERSOAS ADMITIDAS

| APELIDOS E NOME | DNI |
|-----------------------|-----------|
| Amigo Barcala Ignacio | ***4485** |
| Pensado Ferro Jesús | ***8288** |

PERSOAS EXCLUÍDAS

Ningunha

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Juan Ramón López Tojo, persoal laboral fixo condutor camión lixo do Concello de Touro.
- Secretario: José López González, secretario-interventor do Concello de Touro.
- Vogal 1º: José Ramón Casal Orza, funcionario administrativo do Concello de Touro.
- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, funcionaria auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella, funcionara traballadora social do Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o martes 16 de xuño de 2026 ás 10.30 horas na “Nave de Servicios Municipales” sita na Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

CUARTO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

QUINTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde por delegación, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Alfredo Souto Castelo, alcalde-presidente por delegación (Resolución de alcaldía núm. 189 de 1 de xuño de 2026).

José López González, secretario-interventor